



**ACTA Nº 3 DA COMISIÓN DE SELECCIÓN**  
**Resolución de impugnacións recibidas á Proba Escrita**  
**A Esclavitude, o 2 de marzo de 2018**

Nos termos establecidos nas Bases da Convocatoria para a Contratación de Persoal da Asociación de Desenvolvemento Local DeloA- GDR18 (posto ADMINISTRATIVO/A), esta Comisión de Selección recibiu varios escritos impugnando a validez da resposta á pregunta nº 30 do cuestionario tipo Test da Proba escrita celebrada o 22 de febreiro de 2018.

A **Comisión de Selección**, reunida o 1 de marzo de 2018, acordou o seguinte:

**Primeira.-** Que a Base 6 das bases reguladoras da convocatoria relativa a Fase 1 Proba Escrita, establece que no caso de que algún candidato quixera impugnar algunha das preguntas do test, por considerar incorrecta a resposta establecida pola Comisión como válida ou por a incorrecta ou errónea formulación da pregunta, poderá expor alegacións ante a Comisión de Selección no prazo de 3 días naturais desde a publicación das respostas e listado de puntuacións dos aspirantes.

**Segunda.-** Que varios aspirantes presentaron, en tempo e forma, escritos impugnando a resposta establecida como válida por esta Comisión para a pregunta número 30 do cuestionario tipo test (proba escrita), conforme á plantilla de corrección publicada o 26/02/2018 no que se establecía como correcta a letra a). A saber:

**“30.- Dacordo coa normativa do Plan Xeral Contable, os niveis do catálogo de contas son:**

- a) **Clase, grupo, subconta, conta.**
- b) Conta, grupo, clase, subconta.
- c) Clase, grupo, conta, subconta.”

**Terceira.-** Que, á vista das alegacións presentadas polos aspirantes e revisada a plantilla de respostas publicada, esta Comisión de Selección, admite o erro na plantilla correctora, **sendo a resposta válida para a pregunta nº30 do cuestionario a contida na letra c)**, deste xeito:

**“30.- Dacordo coa normativa do Plan Xeral Contable, os niveis do catálogo de contas son:**  
**: c) Clase, grupo, conta, subconta.”**

E por elo que, admitindo as alegacións presentadas e o erro na publicación da resposta, esta Comisión RESOLVE:

- Aceptar a impugnación considerando como válida a resposta da letra c) para a pregunta nº 30 do cuestionario.

- Proceder á publicación, mediante Anexo á presente acta, da LISTAXE DE PUNTUACIONES coa devandita corrección cos resultados definitivos da proba escrita e a nova convocatoria para as entrevistas persoais aos candidatos que superaron a proba escrita trala revisión dos resultados da proba escrita.

En A Esclavitude, a 1 de Marzo de 2018.

**Sandra Ortega Mera**  
**Presidenta Asociación Desenvolvemento Local**  
**DELOA**  
**Presidenta da Comisión de Selección**

**María Cotón Fernández**  
**Secretaria de Fundación Paideia Galiza**  
**Secretaria da Comisión de Selección**